



NORMATIVAS XERAIS

CPTO. GALEGO INDIVIDUAL, CLUBES E AUTONOMÍAS DE XIMNASIA RÍTMICA

DATAS DE CELEBRACIÓN:

- 9 Maio (Vigo) – Cpto. Galego Individual e Clubes
- 17 de Maio (INEF–A CORUÑA) – Control pechado (sen público) Clasificatorio para Cpto. Nacional Individual e Clubes

XENERALIDADES:

1.- CAMPIONATO GALEGO INDIVIDUAL E DE CLUBES:

- A clasificación do Campionato Galego Individual e de Clubes farase en función do resultados da competición do día 9 de maio.
- As ximnastas inscritas para participar no Campionato Individual deberán participar co programa completo.
- En canto ao Campionato de Clubes, as ximnastas participarán de forma individual. Aqueles clubs que teñan ximnastas para poder participar como equipo terán clasificación como clube, previa indicación das ximnastas que compoñen o equipo.
- Un mesmo club poderá empregar ximnastas que compitan só no campionato de Clubes ou ata un máximo de dúas ximnastas por equipo que compitan no Campionato Individual para sumar nota para a clasificación por clubs (máximo dous exercicios cada unha delas en total).
- No caso de que algunha ximnasta non poida asistir ao Campionato Galego por motivo de grave de saúde ou forza maior (previa xustificación escrita con informe médico ou equivalente) si poderá ser convocada para o Control do día 17 previo estudo e aprobación por parte desta federación xunto co comité desta disciplina.



- A clasificación nos tres primeiros postos de cada categoría no Campionato Galego **NON IMPLICARÁ O PASE AO NACIONAL** xa que atendendo aos Regulamentos da F.G.X. no seu Artigo 31. apartado e), recolle: **A xuíz responsable da competición elaborará un informe sobre o cumprimento ou non da normativa daqueles ximnastas clasificados para os Campionatos de España.** Posteriormente a F.G.X. informará aos clubs os ximnastas clasificados para participar no Campionato de España Individual, Clubs e Autonomías de ximnasia Rítmica.

PROGRAMA TÉCNICO:

- O contido dos exercicios debe corresponder co Programa Técnico de cada unha das categorías recollidas na normativa nacional.

CLASIFICACIÓN:

Medaías: Haberá clasificación Individual por categoría e aparello.

Trofeos: Naqueles casos que haxa competición de clubs (mínimo tres clubs inscritos por categoría)

2.- CLASIFICACIÓN CAMPIONATO DE ESPAÑA INDIVIDUAL, CLUBES E AUTONOMÍAS: CONTROL CLASIFICATORIO

- A clasificación para o Campionato de España Individual, de Clubs e Autonomías faresh únicamente a partir dos resultados do control clasificatorio a celebrar o 17 de maio, independentemente dos resultados obtidos no Campionato Galego



- Terán pase directo ao Control clasificatorio, as ximnastas, que participen no Campionato Galego Individual ou de Clubes e que acaden os tres primeiros postos por aparello (clasificación individual), e aquelas que a Federación Galega de Ximnasia decida respetando sempre a clasificación xeral (tras informe previo das xuíces da competición, xunto co informe do comité técnico no que deberán incluír aspectos tales como valoración técnica, tipoloxía da ximnastas, composición do exercicio...).
- Unha vez realizado ese Control Clasificatorio decidirásese as ximnastas que acudirán ao campionato de España Individual y/ou de Clubes ata un máximo 5 ximnastas individuais e 5 equipos por categoría.
- Para o Campionato de España de clubes procurárase, na medida do posible respetar a composición dos equipos por clubes, sempre que as súas ximnastas se clasifiquen para o Campionato de España. No caso de equipos mixtos as ximnastas con mellores resultados formarán o Club Galicia sendo éstas becadadas con bolsas económicas que cubrirán os gastos da súa participación no nacional. Para a composición dos restantes equipos mixtos o nome obterase en función da pertenza da maioría de ximnastas que o compoñan, en caso de non haber maioría o nome sortearase entre os clubes das ximnastas conformantes do equipo.
- Un mesmo equipo poderá estar formado por ximnastas que compitan no campionato de España de Clubes ou ata un máximo de dúas ximnastas por equipo que compitan no campionato de España Individual cun máximo dous exercicios cada unha .